

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	NON CUBRIR
MATERIA	Prácticas de Interpretación e Sistemas de Interpretación
DISCIPLINA	Obradoiro de Interpretación II
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Xestual
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	4+4
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Ana María Fernández
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Ana María Fernández Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: D2 Contacto: ana.mariafernandezfernandez@edu.xunta.es</p> <p>Nome e apelidos: Horario titorías: Despacho: Contacto:</p>
DESCRIPCIÓN	Aplicación e integración dos diferentes recursos técnicos, adquiridos no desenvolvemento da materia, nun proxecto de creación escénica.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Obradoiro I
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input type="checkbox"/> x Castelán <input type="checkbox"/> x Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	

X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EI1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	
COMPETENCIAS VINCULADAS	
1. Recoñecer e saber integrarse nos procesos que converxen na elaboración dun proxecto escénico o no encontro e integración de membros procedentes de diferentes especialidades.	X1, X2, X3, X4, T1, T6, T7, T8, T9, EI1,
2. Fomentar o interese pola investigación e a experimentación colectiva en relación a un proxecto escénico predeterminado.	X2, X3, X6, X7, X8, T9, T11, T12, T13, EI3, EI5
3. Aplicar os coñecementos actorais adquiridos ao desenvolvemento dunha práctica teatral, potenciando a capacidade de autonomía creativa, técnica e procedimental.	X3, X5, X6, X7, X8, T6, T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, EI1, EI2, EI5
4. Saber situar a labor como intérprete xerador de material escénico dentro dun equipo artístico para desenvolver e aplicar os recursos expresivos e de estilo	X4, X5, X6, T1, T6, T7, T8, T9, T13, T15, T17, EI1, EI2, EI3,

que proceden do Teatro do Xesto.	EI5
5.Ser capaz de adaptar as técnicas actorais cercanas a xéneros, estilos e xeitos de facer escénicos diversos, elaborando a comunicación de signos escénicos tendo o corpo como principal recurso expresivo.	X1, X2, X6, X8, T9, T11, T12, T13, T17, E1, EI2, EI3
6.Tratar de potenciar ao máximo a súa proxección artística a través dun traballo escénico común, nunha realidade socio-cultural concreta.	X1, X2, X3, X7, X8, T7, T9, T11, T12, T13, T15, T16, T17, EI1, EI3, EI5
7.Ser capaz de extraer o mellor proveito e satisfacción creadores derivados dos procesos de creación colectiva e da propia evolución artística.	X3, X5, X6, X7, X8, T1, T6, T7, T9, T11, T12, T13, T15, T17, EI1, EI2, EI5

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Metodoloxía/s de creación II	1.1 Estudo/s, análise e/ou investigación/s do campo, territorio, técnica/s, método/s ou orientación escénica, conceptualización, escenificación e/ou propósito/s. 1.2 Planificación e/ou deseño de traballo conxunto. 1.3 Cronograma/s de sincronización colectiva.	12
2. Procesos de creación II	2.1 Definición e orientación técnica actoral máis convinte aos procesos de produción dramática. 2.2 Elaboración interpretativa e/ou de actuación. 2.2.1 Organicidade/s e proxección/s. 2.2.2 Dialéctica actor-personaxe. 2.2.3 Integración e repetición no ámbito da escena. 2.3 Coordinación do elenco actoral na integración	24
3. Procesos de ensaio II	3.1 Training actoral autónomo e/ou integrado nos procesos de desenvolvemento creador. 3.2 Campos e/ou elementos de investigación e experimentación de actuación. 3.3 Elementos técnicos de proba. 3.4 Secuencias de exploración.	48
4. Integración dos diversos medios escénicos na posta en escena coa interpretación II	4.1 Da improvisación á fixación da escena. 4.2 Acción e partitura. 4.3 Partitura e interpretación. 4.4 Exhibición pública.	62
5. Cartafol de proceso e memoria de traballo II		4
TOTAL SESIÓNS		150 horas

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	4		4
Exposición maxistral	4		4
Exposición práctico-teórica	8		8
Práctica individual	19	20	39
Práctica colectiva	90	20	110

Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias		8	8
Outros			
Titorías individuais		10	10
Titorías de grupo		16	16
Actividades de avaliación. Probas	5		5
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	20	10	30
Actividades de avaliación. Revisión		6	6
TOTAL	150	90	240
PORCENTAXE	60 %	40 %	100 %

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposición práctico-teórica.	Exposición por parte do docente e/ou alumnado ante o grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun proxecto, exercicio ou problema.
Práctica individual.	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesorado.
Práctica colectiva.	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos grupais na aula baixo as directrices e supervisión do profesorado.
Titorías individuais.	Entrevistas que o alumnado mantén c o profesorado da materia para buscar asesoramento/ desenvolvemento da actividade da materia e do proceso de aprendizaxe.
Titorías de grupo.	Entrevista que o grupo fai c o profesor da materia para buscar asesoramento/ desenvolvemento da actividade da materia e do proceso de aprendizaxe.
Presentacións / mostras.	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas c a materia obxecto de estudo, desenvolvidas nun espazo de representación con público.
Metodoloxía integradora: Aprendizaxe colaborativa.	Enfoque interactivo de organización do traballo no cal os/as estudantes son responsables da súa aprendizaxe e da dos seus compañeiros nunha estratexia de coresponsabilidade e para conseguir metas e incentivos de grupo.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Faráse un seguimento personalizado, facendo un análise de cada progresión específica e resolverse cada casuística da forma máis axeitada.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inxedanzas que xurdan no proxecto.
Coordinación	Apoio ao intercambio das confluencias artísticas dos diferentes membros do equipo artístico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento do proceso de ensaios	X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, T1, T6, T7, T8, T9, T11, T12, T13, T16, E1, E2	20%
Elaboración actoral	X1, X4, X5, X6, T8, T12, T13, T15,	40%

	T17, EI1, EI2, EI3	
Presentación pública do traballo escénico o.	X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, T1, T6, T7, T8, T9, T11, T12, T13, T16, EI1, EI2	20%
Cartafol de proceso e memoria	X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8, T1, T6, T8, T11, T13, T15, T17, EI1, EI2, EI3, EI5	20%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Presentación dun traballo escénico colectivo	X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, T1, T6, T7, T8, T9, T11, T12, T13, T15, T16, T17, EI1, EI2, EI3	50%
Cartafol de proceso e memoria	X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8, T1, T6, T8, T11, T13, T15, T17, EI1, EI2, EI3, EI5	30%
Entrevista	X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8, T1, T6, T7, T8, T11, T13, T15, T17, EI1, EI2, EI3, EI5	20%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Presentación dun traballo escénico colectivo	X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, T1, T6, T7, T8, T9, T11, T12, T13, T15, T16, T17, EI1, EI2, EI3	50%
Cartafol de proceso e memoria	X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8, T1, T6, T8, T11, T13, T15, T17, EI1, EI2, EI3, EI5	30%
Entrevista	X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8, T1, T6, T7, T8, T11, T13, T15, T17, EI1, EI2, EI3, EI5	20%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

O/A titor/a orientará aos/ás estudantes na selección e búsqueda das referencias bibliográficas, materiais e outros recursos específicos para o proxecto.

Referencias complementarias

Barba, Eugenio & Savarese, Nicola (2012). *El arte secreto del actor*. Bilbao: Artezblai.
 Barba, Eugenio (2010). *Quemar la casa*. Bilbao: Artezblai.
 Carreri, Roberta (2011). *Rastros. Training e historia de una actriz del Odin Teatret*. Bilbao. Artezblai
 Cornago, Óscar (2014). *Manual de emergencia para prácticas escénicas*. Madrid: Continta Me tienes.
 Dymphna, Callery (2001): *Through the body. A practical Guide to Physical Theater*. London: Nick Hern Books Limited.
 Fischer- Lichte, Erika (2011): *Estética de lo performativo*. Adaba Editores.
 Herrero, Julián (2014): *Las raíces históricas del Teatro Físico*. Murcia. Diego Marín editor.
 Kantor, Tadeusz (2011): *El teatro es, ante todo, arte*. Madrid. Publicaciones La puerta estrecha.
 Lehmann, Hans-Thies (2013): *Teatro Posdramático*. Murcia: Cendeac.
 Sánchez Martínez, José Antonio (coord.) (2006). *Artes de la escena y de la acción en España: 1978-2002*. Ciudad Real: Ediciones de la UCLM.
 Sánchez Martínez, José Antonio (2002): *Dramaturgias de la imagen*. Ciudad Real: Ediciones de la UCLM.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Solicítase a máxima corresponsabilidade a todo o equipo de traballo dado o enfoque de interacción integradora das diferentes materias implicadas.

O alumnado que recorra á avaliación extraordinaria deberá contactar co/a docente titor/a no mes de xaneiro.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1. Práctica individual e colectiva por videoconferencia. Competencias: T3, T7, T9, X1, X2, X5, X6, E11,E12, Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 2. Exposicións práctico-teóricas a través de materiais colgados en Moodle. Competencias: T1,T3, T8, T15, X1, X3, X5, X6, E15 Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 3. Presentación/Exposición por videoconferencia e memoria por correo electrónico. Competencias: T1, T3, T8, T11, T15, X1, X5, X6, E11, E12, E15, Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 4. Prácticas de Laboratorio por videoconferencia. Competencias: T3, T7, T11, X1, X2, E11, E12 Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 5. Debates en Moodle. Competencias: T7, T8, T11, X1, X2, X3, E15, Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 6. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma en Moodle e videoconferencia. Competencias: T1, T3, T8, T11, T15, X1, X5, X6, E11, E12, E15, Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 7. Tutorías por videoconferencia. Competencias: T8, X3, Ponderación: 10%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓN QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).